

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE FEBREIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da totalidade da LU-P-5209 cunha lonxitude de 550 m e da LU-P-0610 de lonxitude 1.764 m, a prol do Concello de Ribadeo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de patrimonio natural de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Ourense para desenvolver un plan integral de mellora das infraestruturas no polígono industrial do Vinteún (As Coiñas), por un importe total de setecentos mil euros 700.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o plan de acción para a captación de investimentos en Galicia.
- Informe sobre a Orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.
- Informe sobre a orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as liñas de mellora dos procesos de xestión de hemodoazón e transfusión, e terapia celular.
- Informe sobre a adxudicación e inicio da instalación de dous quirófanos híbridos para os hospitais da Coruña e Álvaro Cunqueiro de Vigo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o programa Xuventude Crea. Análise dos resultados do ano 2016.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre axudas a proxectos colectivos de restauración dos ecosistemas mariños.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE RIBADEO DAS ESTRADAS DE ACCESO Á PRAIA DAS CATEDRAIS DESDE A N-634 E A PRAIA DOS CASTROS

- *Trátase de dúas estradas provinciais cuxa titularidade solicitou o Concello de Ribadeo conforme o previsto no Plan especial da Praia das Catedrais para contar con bos accesos a este areal*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas*
- *A entrega dos treitos formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial LU-P-5209, concretamente desde a N-634 ata a Praia das Catedrais (entre os puntos quilométricos 0+000 e o 0+550); e da LU-P-0610, desde o enlace as praias Altar- Reinante-Os Castros (entre os p.q. 8+620 e 10+384), a prol do Concello de Ribadeo.

Trátase de dúas estradas provinciais cuxa titularidade solicitou o Concello de Ribadeo conforme o previsto no Plan especial da Praia das Catedrais sobre a necesidade de contar con bos accesos a este areal.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto do Goberno galego.

Esta resolución tómase despois de que o Concello de Ribadeo solicitase á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade de dous tramos de estradas. Concretamente, a LU-P-5209, da N-634 á Praia das Catedrais" completa, entre o punto quilométrico 0+000 (inicio na intersección coa N-634 na Rochela) e o 0+550 (final en intersección coa LU-P-0610 na Praia das Catedrais), cunha lonxitude de 550 metros no termo municipal de Ribadeo. Así mesmo, tamén a estrada LU-P-0610, desde o enlace praias Altar-Reinante-Os Castros, comprendido entre os p.q. 7+560 (límite co Concello de Barreiros) e o 10+384 (final na intersección coa LU-P-5206 na praia dos Castros).

A Deputación de Lugo informou favorablemente do cambio de titularidade da LU-P-5209 completa, de 550 m de lonxitude, e tamén do tramo da LU-P-0610 comprendido entre os p.q. 8+620 (actual intersección en glorieta coa LU-P-5209) e o 10+384

(final na intersección coa LU-P-5206 en praia dos Castros), cunha lonxitude no termo municipal de Ribadeo de 1.764 metros.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega dos treitos formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta.

O CONSELLO DA XUNTA DEU O VISTO E PRACE AOS CURRÍCULOS DE ORTOPRÓTESES E DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL

- ***Deste xeito acádanse os 111 currículos adaptados ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos novos currículos dos ciclos formativos de grao superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio, e de grao medio en Emerxencias e Protección Civil. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acada os 111 currículos adaptados ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Todos os currículos actualizados inclúen a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios, segundo a lexislación vixente, para o exercicio profesional, cando proceda.

Ortopróteses

Os titulados superiores en Ortopróteses e Produtos de Apoio terán competencias para deseñar, elaborar e adaptar orteses, próteses, ortopróteses e produtos de apoio realizados de acordo co establecido na regulamentación destes produtos na normativa vixente, atendendo á prescrición oficial correspondente e á avaliación física e psicosocial da persoa usuaria, así como efectuar o seu seguimento e o seu mantemento, e organizar e xestionar o establecemento ortoprotésico.

As persoas que obteñan esta titulación poderán traballar como técnico superior en ortoprotésica, técnico ortopédico, en produtos de apoio, en adecuación do contorno e accesibilidade ou da fabricación en serie de produtos ortoprotésicos e produtos de apoio; como visitador ou promotor sanitario ou como asesor de produtos e servizos do sector. Así mesmo, poderán ser responsables técnicos de establecementos de adaptación ou distribución de produtos ortoprotésicos, da fabricación á medida de produtos ortoprotésicos e produtos de apoio ou de taller de ortopedia hospitalario.

Emerxencias

Pola súa banda, as persoas que obteñen o título de técnico superior en Emerxencias e Protección Civil exercerán a súa actividade intervindo en emerxencias provocadas por

sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos (naturais, antrópicos e tecnolóxicos), realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, enchentes de auga...); no rescate, o salvamento e a atención como primeiro interveniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou os bens abrangidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizando os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír á divulgación e ao cumprimento dos principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente en materia de inspección e plans de autoprotección de edificios e instalacións industriais.

As ocupacións e os postos de traballo que poderán desenvolver serán os de capataz ou encargado de extinción ou vixilante de incendios forestais, técnico en emerxencias das Forzas Armadas, ou bombeiro forestal, de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados ou autonómicos, doutros servizos en entes públicos, de aeroportos ou de empresa privada.

MEDIO AMBIENTE INICIA A TRAMITACIÓN DA NOVA LEI DE PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA, QUE ACTUALIZARÁ A NORMA VIXENTE DESDE 2001

- *O Consello da Xunta aprobou o acordo para iniciar os trámites do anteproxecto lexislativo, co que se pretende levar a cabo unha protección transversal do patrimonio natural galego, modernizar a lexislación autonómica nesta materia e consolidar a preservación do patrimonio e da biodiversidade como unha prioridade*
- *Entre as principais novidades cómpre salientar a introdución da nova figura das microrreservas naturais e a creación do Catálogo de hábitats en perigo de desaparición*
- *O texto introduce cambios substanciais no réxime sancionador en aplicación das previsións estatais básicas, o que suporá un incremento das contías*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de patrimonio natural de Galicia, un texto co que se busca actualizar e substituír á normativa autonómica vixente desde o ano 2001. O novo marco normativo, presentado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pretende levar a cabo unha protección transversal do patrimonio natural galego e da súa biodiversidade, integrando os principios de conservación, uso sustentable, mellora e restauración deles nas demais políticas sectoriais. Así mesmo, tamén busca consolidar a prioridade da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística.

A nova lei regulará, entre outros aspectos, as diferentes figuras de protección que conforman o patrimonio natural da Comunidade Autónoma. Neste sentido, unha das principais novidades en canto á clasificación dos espazos naturais protexidos é a creación da subcategoría de microrreservas. Esta nova figura, que se enmarca dentro da categoría de reserva natural, busca preservar e protexer aqueles espazos cunha superficie inferior a 20 hectáreas que conteñan hábitats raros ou de especies ameazadas.

Así mesmo, co fin de evitar atrasos entre a protección dun espazo natural e a aprobación do seu correspondente instrumento de planificación, a norma prevé que ambos os trámites terán que ser simultáneos. Así, a declaración dun espazo como protexido levará aparellada á vez a aprobación do preceptivo plan ou das normas de xestión que se aplicarán nel.

No eido da conservación da biodiversidade, o anteproxecto da Lei de patrimonio natural fíxase como reto abordar a protección das especies ameazadas tamén a través da preservación do seu contorno. Neste sentido, e como novidade respecto á norma en vigor, inclúese a regulación dos hábitats, atendendo ao principio básico de que existe unha relación directa entre a preservación das especies e a dos seus hábitats naturais.

Concretamente, a lei crea o Catálogo de hábitats en perigo de desaparición de Galicia, en que se integrarán tanto aqueles declarados en risco pola Consellería de Medio Ambiente como os que se atopen na comunidade e xa estean incluídos no catálogo nacional.

Na mesma liña, no anteproxecto créase a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, que inclúe o Catálogo galego de especies ameazadas, distinguindo entre as que están en perigo de extinción e as vulnerables.

Coa aprobación do novo marco normativo, preténdese dar un salto cualitativo en canto aos instrumentos de planificación das especies incluídas neste catálogo. O obxectivo de aquí a 2020 é que teñan aprobado un plan de recuperación ou de conservación un total de 45 especies catalogadas como ameazadas ou vulnerables en Galicia.

Estas son algunhas das novidades que recolle o anteproxecto de Lei de patrimonio natural que, tras recibir hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, deberá someterse a información pública e continuar cos trámites correspondentes antes da súa aprobación definitiva.

A futura norma virá substituír a Lei 9/2001 de conservación da natureza, que constituíu o primeiro instrumento xurídico xeral en establecer un marco de protección referido ao conxunto do territorio galego. Transcorridos 15 anos e tendo en conta as novidades normativas que se teñen producido tanto na Unión Europea como en España, cómpre modernizar o marco legislativo autonómico e adaptalo aos cambios máis relevantes que se teñen producido en materia de conservación do patrimonio natural.

Réxime de sancións

Polo que respecta ao réxime sancionador, o anteproxecto considera tres categorías de infraccións, unha menos que as previstas na lei de 2001: leve, grave e moi grave. Co fin de adecuar e extrapolar a Galicia a lexislación básica estatal, no texto prevese un incremento considerable da contía das sancións actuais que, nos casos de maior gravidade se multiplican case por 7 con respecto á Lei de conservación da natureza de 2001.

Deste xeito, para as infraccións de carácter moi grave prevese sancións que van de 200.001€ a 2.000.000€ (entre 60.101€ e 300.000€ segundo a normativa en vigor); as infraccións graves perséguense con contías que irán desde os 3.001 € ata os 200.000 € (entre 6.010 € e 60.101 € coa lei actual); e as leves serán sancionadas con multas de entre 100 € e 3.000 € (entre 60,1 € e 601,01 € nestes momentos).

En todo caso, a futura lei presta unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada por parte do infractor. Neste sentido, prevése a posibilidade de rebaixar a categoría da infracción sempre que o interesado restaure o medio natural vulnerado, e unha redución do 20 % da contía da sanción en caso de que o presunto infractor recoñeza a súa responsabilidade ou pague de forma voluntaria a multa.

Principios inspiradores

Entre os principios inspiradores da futura lei, recollidos da propia normativa estatal, cómpre salientar a preservación da biodiversidade e dos procesos ecolóxicos esenciais e a paisaxe, o uso sustentable, a integración dos principios de conservación nas políticas sectoriais e a súa prevalencia na ordenación territorial e urbanística, a precaución nas intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural, e a prevención dos problemas derivados do cambio climático ou a garantía de participación.

Por último, como novidade e xa en clave galega, o anteproxecto incorpora entre os seus principios inspiradores a mellora do coñecemento científico como base da conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en coordinación coas universidades galegas e coas demais institucións de investigación públicas e privadas.

A XUNTA DESTINA 700.000 EUROS A MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS DO POLÍGONO OURENSÁN O VINTEÚN PARA QUE GAÑE EN COMPETITIVIDADE

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria firmará un convenio de colaboración co Concello de Ourense para executar obras de pavimentación, redes de abastecemento de auga e gas, e para instalar subministración de saneamento, iluminación exterior, telecomunicacións e sinalización*
- *O desenvolvemento deste proxecto permitirá que as 21 empresas xa instaladas no parque teñan máis posibilidades de crecer, ao tempo que mellorará as medidas de seguridade das 500 persoas que traballan no polígono e contribuirá a fomentar a captación de investimentos e de novas compañías*
- *Esta actuación súmase a outras iniciativas desenvolvidas pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, como as convocatorias anuais de axudas para mellorar os equipamentos dos polígonos industriais galegos, aos cales dedicou nos últimos catro anos 16,2 millóns de euros para executar 244 actuacións*

A Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a sinatura dun convenio de colaboración co concello de Ourense para desenvolver un plan integral que permita modernizar as infraestruturas do parque empresarial O Vinteún, nas Coiñas. A Administración autonómica financiará con 700.000 euros a execución deste proxecto que contribuirá a impulsar a competitividade do polígono, ademais de mellorar a seguridade tanto dos 500 traballadores das 21 empresas afincadas actualmente na zona como das persoas que visitan este equipamento industrial.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria desenvolveu nos últimos meses do ano pasado un protocolo de colaboración co concello ourensán que se materializará en próximas datas coa rúbrica deste convenio, que fixa que todas as obras deberán estar finalizadas en decembro deste mesmo ano. En concreto, a achega económica da Xunta servirá para executar traballos de pavimentación; colocación de redes de abastecemento de auga e gas; instalación de redes de saneamento, iluminación exterior e telecomunicacións; e de sinalización tanto vertical como horizontal.

Con estas actuacións, o obxectivo é modernizar as infraestruturas do polígono O Vinteún, un referente industrial tanto da cidade de Ourense e a súa contorna como da provincia en xeral. Este tipo de actuacións contribúen a que as empresas xa instaladas no parque teñan máis posibilidades de seguir medrando e a fomentar a creación de novas compañías e a captación de investimentos, ao tempo que facilitan o emprendemento ao poñer á disposición das firmas interesadas equipamentos máis modernos e adaptados as súas necesidades.

A sinatura deste convenio súmase a outras iniciativas desenvolvidas pola Xunta para impulsar os polígonos industriais. É o caso das axudas que todos os anos convoca a Dirección Xeral de Enerxía e Minas para habilitar e mellorar as infraestruturas dos parques empresariais galegos. A través desta iniciativa, durante os últimos catro anos leváronse a cabo 244 actuacións, para as que a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinou 16,2 millóns de euros. No caso concreto da provincia de Ourense, a Xunta axudou con preto de 4 millóns de euros para realizar 55 obras en 20 polígonos industriais durante a pasada lexislatura.

As actuacións de promoción da actividade empresarial por parte da Xunta, unido á consolidación á consolidación da recuperación económica en Galicia, teñen permitido a creación de preto de 4.600 empresas ao longo de 2016 -ao redor de 13 firmas cada día-, o que supón un 16 % máis de firmas constituídas con respecto a 2015. Esta porcentaxe elévase ata o 16,75 % na provincia de Ourense, onde se crearon 460 compañías durante o ano pasado.

A XUNTA ELABORA UN PLAN DE ACCIÓN PARA A CAPTACIÓN DE NOVOS INVESTIMENTOS EN GALICIA

- *Esta estratexia da Consellería de Economía, Emprego e Industria ten como obxectivos poñer en valor a capacidade industrial, loxística e xeoestratéxica da comunidade, e desenvolver medidas de maneira coordinada co resto de administracións para atraer empresas e capital*
- *Impulsa a Oficina Doing Business para axilizar a interlocución cos investidores e entre os departamentos da Xunta a través dun portelo único*
- *Esta folla de ruta aposta por intensificar o investimento en innovación e industria 4.0 e promove a Lei de fomento da implantación empresarial para axilizar a tramitación administrativa de novos proxectos*
- *Fomenta a colaboración entre institucións e axentes socioeconómicos coa sinatura dun protocolo de boas prácticas coa Fegamp*
- *Dará prioridade aos proxectos que permitan diferenciar Galicia polo apoio á industria e á innovación, ao tempo que achegará a máxima intensidade de axuda ás iniciativas enmarcadas nas liñas estratéxicas da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0*
- *No Consello da Xunta tamén se informou de dúas novas convocatorias por preto de 4,7 millóns de euros para realizar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais e crear novos viveiros industriais que se sumen aos cinco xa desenvolvidos a través da edición do ano pasado*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou hoxe no Consello da Xunta dunha estratexia pioneira que permitirá reforzar a posición de Galicia como unha terra de oportunidades. O Plan de acción para a captación de investimentos en Galicia busca facilitar a chegada de novas empresas e de capital e a incorporación de novos sectores que contribúan ao fortalecemento e á mellora da competitividade do tecido empresarial afincado na Comunidade galega.

Con este novo plan, a Xunta responde a dous obxectivos estratéxicos para Galicia. Por un lado, afonda na captación e retención de investimentos, poñendo en valor as capacidades coas que xa conta a comunidade en materia industrial, de posición xeoestratéxica e loxística; e reforzando os atractivos existentes en canto a solo, incentivos para novos proxectos, fiscalidade e facilidades administrativas. E por outra banda, reorienta a política neste eido para desenvolver unha acción coordinada e conxunta a nivel administrativo en que a Xunta conte coa colaboración do resto de administracións con competencias, entre as que se encontran o Estado e os concellos.

Esta folla de ruta tamén especifica unha serie de medidas para lograr a consecución destes obxectivos e axilizar a tramitación administrativa de novos proxectos. Así, a estratexia impulsa a ampliación da Oficina *Doing Business*, unha plataforma pública en

liña que xa se puxo en marcha o ano pasado e que se constitúe como unha canle directa con cidadáns e empresas para suprimir barreiras e impulsar novos proxectos. A Xunta impulsará esta oficina para axilizar a interlocución cos investidores e entre os diferentes departamentos da Xunta a través dun portelo único.

A Oficina *Doing Business* tamén prestará especial atención ás necesidades dos proxectos estratéxicos específicos da industria 4.0, así como aos promovidos por emprendedores e autónomos; e promoverá modificacións normativas que faciliten os investimentos e proxectos empresariais, e a realización dun estudo sobre as posibilidades de mellora na Administración e os concellos galegos. Esta maior facilidade para poñer en marcha un proxecto favorece a consolidación da recuperación económica ao xerar tanto nova actividade empresarial como postos de traballo estables e de calidade.

O Plan de acción tamén promove a Lei de fomento da implantación empresarial, orientada a facilitar a chegada de actividade industrial con medidas como a simplificación administrativa para a implantación do proxecto; axudas e apoios a actividades empresariais; e medidas específicas de dinamización de áreas empresariais.

A nova estratexia da Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa ademais a colaboración entre administracións e cos axentes socioeconómicos. Neste sentido, promove a sinatura dun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para que os concellos interesados se adhiran a un protocolo de boas prácticas co que se comprometan a dar publicidade, entre outras cuestións, da dispoñibilidade de solo industrial e das súas medidas fiscais.

O Plan de acción tamén busca intensificar o investimento en I+D e innovación (Gain), dando prioridade aos proxectos centrados na industria 4.0 para diferenciar a Galicia polo apoio á industria e á innovación. No marco destes apoios industriais a través do Igape, a Xunta achegará a máxima intensidade de axuda para os proxectos enmarcados nas liñas estratéxicas da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0.

Mellora dos parques empresariais

Enmarcadas dentro do novo Plan de acción e do espírito da Xunta por favorecer o crecemento do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén informou hoxe no Consello das dúas novas convocatorias de axudas por un importe global de preto de 4,7 millóns de euros para realizar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais xa existentes e para poñer en marcha novos viveiros industriais.

A liña destinada a parques empresariais, de preto de 4,2 millóns de euros, prevé apoios de ata o 80 % do custo subvencionable, cun máximo de 120.000 euros por solicitude.

Ademais, os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusións de concellos incrementarán nun 15 % a contía da axuda con respecto ao que lle correspondería a cada municipio de xeito individual, é dicir, ata o 95 % do custo e cun máximo de 180.000 euros. Desta forma, colabórase coas administracións locais, primando unha xestión compartida que posibilita unha redución de gastos nas arcas municipais. Desde 2009, melloráronse as infraestruturas de preto de 140 concellos galegos.

Ademais, o Consello tamén aprobou axudas dirixidas a fomentar a creación de viveiros industriais de empresas nos polígonos, con apoios de ata o 80 % do custo subvencionable. Esta orde, cun orzamento de 500.000 euros, ten como obxectivo habilitar novos espazos que se poñerán á disposición dos emprendedores do sector industrial a prezos moi vantaxosos e por un prazo que pode alcanzar os 24 meses. Trátase da segunda edición deste programa de axudas, que en 2016 permitiu a posta en marcha de cinco viveiros nos municipios de Cambados (Pontevedra), Outeiro de Rei e Friol (Lugo) e de Boiro e Cerceda (A Coruña).

SANIDADE INVISTE MÁIS DE 380.000 EUROS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BLOOD PARA A MELLORA DA XESTIÓN DA DOAZÓN EN GALICIA

- *Reforza e crea solucións innovadoras en distintos ámbitos relacionados coa hemodoazón, a seguridade transfusional e a terapia celular*
- *Tamén axiliza e simplifica a comunicación cos doadores e a xestión das súas citas e informes clínicos*
- *Garante a prestación do servizo aos cidadáns coas maiores garantías de eficacia, eficiencia e transparencia*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, explicou no Consello da Xunta o informe sobre a progresiva implantación do proxecto BLOOD que se está a levar a cabo na Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e nos centros hospitalarios galegos. O custo total do proxecto é de 383.256,08 euros, por un período de dous anos.

Esta proxecto ten como obxectivo mellorar os procesos de xestión da hemodoazón, laboratorios, reservas e transfusión e terapia celular; e está enmarcado no programa de melloras que está a desenvolver a Consellería de Sanidade, no ámbito das novas tecnoloxías e de mellora da xestión da actividade.

O desenvolvemento deste proxecto reforza e mesmo crea solucións innovadoras en distintos ámbitos relacionados coa hemodoazón, a seguridade transfusional e a terapia celular. Ao mesmo tempo, axiliza a comunicación cos doadores, así como a xestión das súas citas e realización de informes clínicos. En definitiva, garante a prestación do servizo aos cidadáns coas maiores garantías de eficacia, eficiencia e transparencia.

Melloras previstas para este ano en ADOS e en centros hospitalarios

Durante o presente ano, o proxecto BLOOD ten previsto a realización de diversas melloras nos hospitais galegos entre as que cabe salientar o desenvolvemento da petición electrónica do sangue e hemoderivados desde a historia clínica (IANUS), eliminando a petición en papel.

Tamén incide na seguridade transfusional, é dicir, refórzase a seguridade na xestión da extracción das mostras, inicio e finalización da transfusión, mediante un código de barras único para o procedemento, incluído na pulseira do paciente e bolsa do sangue. Permite a xestión de doazóns de médula ósea e sangue periférica (terapia celular); e garante a rastrexabilidade dos hemoderivados durante o proceso de transfusión (panel de control); así como a unificación de catálogos para todos os centros.

O Proxecto BLOOD tamén implica durante este ano melloras para implantar na Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) como a creación dun módulo de

promoción da doazón e xestión de colectas; o transplante de proxenitores hematopoéticos sangue de cordón umbilical (terapia celular); incorpora a sinatura do doador mediante dispositivos electrónico mellorando a protección de datos e eliminando o papel como soporte (sinatura biométrica manuscrita); e a comunicación de citas e resultados analíticos de doadores a historia clínica electrónica (IANUS) e a plataforma dixital de servizos de saúde (É-Saúde).

Pasos desenvolvidos ata o momento

Na actualidade están en marcha os módulos de xestión (a través dun programa informático denominado e-Delphyn) que permiten a xestión de hemoderivados e a distribución de compoñentes sanguíneos dende ADOS, a xestión dos laboratorios, tanto os localizados na propia Axencia como nos distintos centros hospitalarios, así como a loxística de dispensación e o estado das reservas, procesamento das mostras e transfusións efectuados polos hospitais integrados.

Ata o momento, atópanse integrados neste sistema os complexos hospitalarios das sete grandes cidades galegas e os hospitais comarcais de Burela, Cee, Monforte, Barbanza e Salnés, así como a propia Axencia de Doazón de Órganos e Sangue,

Ao longo do 2017 ampliarase a cobertura do proxecto BLOOD ata o Centro Oncolóxico de Galicia e o Hospital Povisa.

O SERGAS ADXUDICOU A CONTRATACIÓN DE DOUS QUIRÓFANOS HÍBRIDOS CON DESTINO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO E HOSPITAL UNIVERSITARIO DA CORUÑA

- *Están dotados dun sistema de imaxe moi avanzado que permite maior precisión intraoperatoria, ao poder comprobar “in situ” o resultado do procedemento cirúrxico; e facer imaxes 3D cunha redución das doses de radiación*
- *Cun orzamento 2,2 millóns de euros, a empresa encargárase da súa correcta implantación, adaptación de instalacións e locais, e posta en funcionamento dos equipos*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou o Consello da Xunta da contratación da subministración de dous quirófanos híbridos con destino ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e ao Hospital Universitario de A Coruña.

A instalación dos dous quirófanos híbridos repercute nun maior beneficio para os pacientes ao outorgar maior precisión intraoperatoria permitindo a comprobación “in situ” do resultado do procedemento cirúrxico reportando maior beneficio ao paciente, ao tempo outorga maior seguridade tanto para o paciente como para o profesional, xa que o equipo permite a adquisición de imaxes 3D cunha redución das doses de radiación.

O equipamento que se instalará dentro do bloque cirúrxico do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo será compartido polas especialidades de cirurxía vascular e cirurxía cardíaca; no novo bloque cirúrxico do Complexo Hospitalario da Coruña, será compartido polas especialidades de Cirurxía Vascular, Cirurxía Cardíaca e Neurocirurxía.

A adxudicación licitouse por un importe total de 2.285.566,56 euros. Dado as especiais condicións desta subministración e a importancia da súa correcta implantación, concíbese como unha subministración en que o licitador deberá incorporar todo o necesario para a súa correcta instalación. Así, dispórase de tres fases: presentación do proxecto de implantación detallado e inicio do proceso de fabricación industrial; adaptación de instalacións e locais segundo as necesidades dos equipamentos, asegurando a súa funcionalidade global; e posta en funcionamento dos equipamentos.

Dentro das características técnicas máis relevantes destacan entre outros un robotizado monopiano con brazo articulado, xerador de gran potencia 100k W, gran pantalla plana panorámica multimodalidade e mesa cirúrxica de gama alta con funcionamento totalmente integrado e sincronizado co equipamento.

Tamén inclúe novas ferramentas de imaxe; destaca a adquisición de imaxe TAC no propio equipo, fusión da imaxe en tempo real con outras modalidades diagnósticas previas (TAC, RM, PET-CT), ferramentas avanzadas para a súa aplicación en cirurxía cardíaca minimamente invasiva, ferramentas avanzadas para a automatización de procesos de cirurxía vascular, ferramentas avanzadas para a automatización de procesos de neurocirurxía, guiado experto para a adquisición de imaxe 3D, e ferramentas específicas para a marcación de lesións.

PRETO DE 400 MOZOS E MOZAS PARTICIPARON NO PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2016 A TRAVÉS DE MÁIS DE 240 PROXECTOS

- *Mediante este certame, establécense as vías e o apoio institucional necesario para que a mocidade poida desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades, ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade xuvenil e se mostra o talento da xuventude galega*
- *A Consellería de Política Social consignou 112.778 euros a este programa*

Un total de 369 mozos e mozas participaron no 2016 no certame Xuventude Crea, tal e como recolle o informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola Consellería de Política Social, quen destinou 112.778 euros para premiar o talento de 100 destes participantes.

Os concorrentes presentaron un total de 241 proxectos relacionados con disciplinas que estimulan o talento, a imaxinación e a creatividade como o teatro, a música, as artes plásticas, a fotografía, o deseño de xoias, a banda deseñada, o relato breve, a poesía, a moda, a videoocreación, o graffiti e a cociña. Os participantes foron todos rapaces e rapaces galegos ou residentes en Galicia, non profesionais e con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Cada unha das 12 especialidades contou con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500 e o terceiro, de 1.000 euros.

Xuventude Crea é o evento que representa a maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega. Mediante este certame, establécense as vías e o apoio institucional necesario para que a mocidade poida desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades, ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade xuvenil e se mostra o talento da xuventude galega. Este programa tamén é unha plataforma de lanzamento para amosar os proxectos creativos, como primeiro paso do emprendemento cultural e artístico. Grazas a este espazo, a xuventude galega pode exercer as súas habilidades, poñer en marcha e ensaiar solucións innovadoras, valorar o exame crítico das obras e outorgarlles visibilidade.

Co obxectivo de axudar a mocidade na súa inserción laboral, o xurado estivo composto por profesionais que ocupan postos de relevancia en cada un dos sectores implicados no concurso, o que permite aos participantes poñer as súas creacións en contacto co mundo empresarial dun xeito directo. Os proxectos gañadores serán incluídos no catálogo de Premios Xuventude Crea 2016 (que se atopa en fase de realización).

No pasado 2016, a Consellería de Política Social consignou 112.778 euros a este programa, preto de 16.000 euros máis que na convocatoria anterior.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado continuará apostando en 2017 por este programa. Deste xeito, xa está aberto o prazo de presentación de proxectos para participar no concurso do deseño do cartel de Xuventude Crea 2017. Un prazo que permanecerá aberto ata o vindeiro 28 de febreiro.

O SECTOR MARISQUEIRO PODERÁ BENEFICIARSE DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A REXENERACIÓN DOS SEUS BANCOS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as axudas a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables*
- *A través delas subvencionaranse actuacións en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños, as destinadas á redución da contaminación física e química e medidas como a repoboación de especies autóctonas*
- *Esta orde de axudas enmárcase no obxectivo de mellora de hábitats mariños no que a Consellería do Mar vai investir de xeito global máis de 37 millóns de euros ata 2020, ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as axudas a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. Para este fin, o departamento que dirixe Rosa Quintana destina 2,3 millóns de euros na convocatoria de axudas deste ano.

Desta cantidade, cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), poderán beneficiarse entidades do sector pesqueiro coma confrarías, organizacións de produtores, cooperativas do mar ou asociacións de profesionais do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans marisqueiros en réxime de co-xestión e que teñan a súa sede social en Galicia.

A través destas achegas apoiaranse proxectos colectivos que se desenvolvan en Galicia e que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Así, subvencionaranse actuacións centradas en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños e as destinadas á redución da contaminación física e química. Tamén as medidas de conservación que busquen protexer e conservar a flora e fauna, incluída a repoboación de especies autóctonas, aplicando os principios da infraestrutura verde da Comisión Europea. Outras accións susceptibles de axuda son as dedicadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras.

Dentro dos gastos subvencionables para a execución dos proxectos están os de contratación de profesionais ou entidades para realizar accións como as limpezas, remocións do substrato, dragaxes, achegas ou traslados de áridos. A estes súmanse os gastos de prevención, control e eliminación de especies exóticas invasoras e os de

traslados ou sementeiras de especies marisqueiras. Tamén os investimentos de equipamento e material necesario para desenvolver as accións e os de adquisición de semente de especies marisqueiras autóctonas coas condicións que establece a orde.

Os interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publica hoxe o DOG. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados desde mañá. Esta realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Mellora de hábitats mariños

Esta orde de axudas enmárcase no obxectivo de mellora de hábitats mariños. Un obxectivo no cal a Consellería do Mar vai investir de xeito global máis de 37 millóns de euros ata 2020, ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Este investimento realizarase para seguir traballando na mellora da produtividade marisqueira e para poder incorporar máis persoas á actividade, mantendo a biodiversidade e os ecosistemas costeiros.

A maiores das axudas de proxectos colectivos para a rexeneración de bancos marisqueiros, existe un plan para toda Galicia que se está a desenvolver desde o ano pasado a través dunha encomenda, que conta cun orzamento de algo máis de dous millóns de euros para o ano pasado e para este ano. Este plan recolle accións puntuais consensuadas coas confrarías con base nas necesidades detectadas e no estado das zonas. No ano 2016 realizáronse actuacións en bancos marisqueiros de Ferrol, Pontedeume, Miño, O Burgo, Camariñas, Arousa, Pontevedra e Vigo.